




Lluvia de albóndigas 2

Cody Cameron. Sony Pictures Animation
Na primeira parte da serie (Lluvia de albóndigas I), o investigador Flint constrúe unha máquina que crea comida a partir da auga. O seu invento está dando resultados inesperados e pouco recomendables: bestas mutantes que poñen en perigo os humanos. Hai que pór fin a este pesadelo!



Los niños lobo

Mamoru Hosoda. Selecta Visión
Hana é unha universitaria que se namora dun ookami (un espírito lobo), casan e convértense nos orgullosos pais de dous nenos-lobo. A familia vive feliz nos arredores da cidade pero cando o pai morre a nai decide mudarse a un pobo afastado.



El origen de los guardianes

Peter Ramsey. DreamWorks
Historia máxica e chea de diversión sobre uns gardiáns lendarios que se unen por primeira vez cando o diabólico Sombra ameaza con apoderarse do mundo.



Peppa Pig: 1ª temporada completa

Creado por Mark Baker e Neville Astley. Aurum
Primeira tempada, en catro DVD, da serie de debuxos animados Peppa Pig. A protagonista é unha porquiña que vive co seu irmán George, Mamá e Papá Pig e o que máis lle gusta no mundo é saltar nas pozas.



Plumíferos: aventuras voladoras

Daniel De Filippo. Manos Digitales Animation Studio
Esta fita de animación cóntanos a historia de Juan, un pardal que vive na cidade pero quere ser un paxaro exótico. Grazas a Feifi, unha canario femia en cativeiro que ansía a liberdade, vivirán unha morea de aventuras no aire.



LIBROS DE COÑECEMENTOS



El arte para niños: animales

Susie Brooks. Picarona
Dun xeito entretido e fácil os nenos e nenas coñecerán as obras de artistas famosos e poderán crear a súa propia obra de arte.



Disfruta con la mitología

Berta García Sabatés. Edebé
As historias que contan os mitos de deuses e heroes da mitoloxía grega permanecen en vigor a través dos séculos e hoxe continúan cativando os lectores e lectoras de todas as idades porque teñen o poder da fantasía e das paixóns humanas.



Galicia: nosa ledicia

Xosé Neira Vilas. Ilustrado por Dani Estevez e Iria Iglesias.
Embora
Historia de Galicia en verso, desde a cultura castrexa ata os nosos días.



Gente

Peter Spier. Patio
Imaxina o aburrido que sería o noso mundo se todas as persoas pensasen e actuasen igual. Un libro para apreciar o valor da diversidade.



Go to London!

Textos e música de Stéphane Husar. Ilustrado por Loïc Méhéé. Anaya
Nesta nova aventura, Cat and Mouse percorren a cidade de Londres e aproveitan para practicar o seu inglés.



Manuel María. Vida, versos e rebeldía

Manuel Veiga e Xosé Lastra. Ilustracións de Nuria Díaz.
Xerais
Relato que nos fala da vida e actividades do escritor ao que dedicaron este ano o Día das Letras Galegas. Completado cunha cronoloxía da vida e obra, e unha antoloxía de poemas.



¿Por qué tienen nombre las cosas?

Jean Paul Mongin, Junko Shibuya. Errata naturae
É o cabaleiro o que dá nome ao cabalo ou o cabalo ao cabaleiro? Descubre a filosofía da man de Platón!



Pratos do mundo:

divertidos, fáciles, creativos

Miguel A. Caruncho e outros. Ouvirmos
Orixinais receitas dos cinco continentes explicadas paso a paso para cocinar en familia.



Taller de manualidades: ideas creativas para desarrollar la educación artística del niño

Carme Bohera. Parramón
Barro, plastilina, papel... unha chea de materiais e actividades para fomentar a creatividade dos nenos.



Xeados: divertidos, fáciles, creativos

Ouvirmos
Premio Libro Educativo 2012 pola Asociación Galega de Editores
Oasis xeado, árbore xeadas, boneco de neve, copa pallaso, paxaro louco... e moitas máis saborosas e sinxelas receitas para experimentar e gozar en familia neste verán.

Selección bibliográfica realizada polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- * Biblioteca Pública Municipal M^o José Trincado. Mera
- * Biblioteca Pública Municipal M^o José Ruso. Dorneda
- * Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @ biboleiros

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 1024-2016



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e Normalización Lingüística



Á brisa da lectura

Guía para nenas e nenos de 6 a 12 anos

Desde as bibliotecas municipais de Oleiros ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de títulos que nos fan sorrir, emocionar e reflexionar, coa intención de que as nenas e os nenos pasen momentos agradables coa lectura.

Son libros que hai nas bibliotecas municipais e que poden levar en préstamo para as súas casas. Animamos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 6 A 8 ANOS



La Bella Durmiente del Bosque
Narrado por Élodie Fondacci. Ilustracións de Éric Puybaret. Edelvives

Unha fermosa edición dun clásico da literatura infantil, para admirala e suspirar á vez que se acariñan as súas páxinas, cheira a maxia, a un lugar onde se cumpren os soños.



Canta o cuco: Uxía e Magín na casa de Manuel María

Libro-disco. Cancións de Uxía Senlle e Magín Blanco. Ilustracións de Leandro Lamas. Galaxia- Letras Galegas 2016 Uxía e Magín poñen música aos poemas de Manuel María neste fermoso libro-disco cheo de ritmos e de cor.



O corvo que andou de pato

Bernardino Graña. Ilustracións de Anxo Fariña. A Nosa Terra No Miño había un corvo parveiro que non coñecía auga nin aseos, sementes nin grans. Non se subía as pólas das árbores coma os demais...



O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba

Texto de David Aceituno. Ilustracións de Miguel Anxo Prado. El Patito Editorial Unha divertida historia da man do polifacético David Aceituno contando co magnífico traballo estético de Miguel Anxo Prado. Un círculo con diversos animais que protagonizan un argumento redondo.



Escarabajo en compañía

Pep Bruno. Ilustracións de Rocío Martínez. Ekaré Cinco contos nos que o protagonista principal é un escaravello que se xunta cos seus amigos para xogar e festexar. Cunhas bonitas ilustracións que encandearán os máis pequenos.



El hombrecillo de los sueños

Gianni Rodari e Anna Laura Cantone. Picarona Divertida historia que nos ensina a non ter medo de durmir e de soñar.



Humberto Horacio Herminio Bobton-Trent


Lauren Child. Serres A familia Bobton-Trent era moi rica ata que se arruinou e tivo que ser o seu fillo, Horacio Herminio, neno prodixio, o que resolva a situación... Cunhas simpáticas ilustracións da propia autora.



El libro que se sentía solo
Kate Bernheimer. Ilustracións de Chris Sheban. Juventud Érase unha vez un libro que vivía nunha biblioteca e que se sentía moi feliz cando algún neno ou nena o levaba á súa casa para lelo...




Na cocina de noite
Maurice Sendak. Kalandraka Miguel de noite, mentres a lúa o mira e os pais soñan, cae na masa dun pastel...



A nena do parque
Antonio García Teijeiro. Ilustracións de Nuria Díaz. Embora Noa ama a natureza, Noa ama o verde das plantas e da herba. Noa ama as ondas do mar... A Noa dóenlle os estragos que os homes fan nas fragas, nos mares, nos ríos...



Pauliño é un cabalo
Raúl Dans. Ilustracións de Pedro Díaz Lorenzo. Xerais Pauliño ten sete anos e vive na cidade, pero el quere ser un cabalo salvaxe, dos que andan polo monte, moi preto da aldea onde vive a avoa...



Teatro de guiñol
Pirilampo. Ilustracións Iván R. Galaxia Novo libro-disco de Pirilampo, co que este grupo musical homenaxea o poeta Manuel María no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas.

As letras das cancións son once poemas sacados das obras *As rúas do vento ceibe*, *Os soños na Gaiola* e *Terra Chá* de Manuel María.

Poderemos escoitar unha mestura de ritmos tradicionais con toques de rock e pop, e finaliza co poema Biografía da muiñeira que, por suposto, é a ritmo do citado baile.



Todos los besos del mundo
Montse Panero. Ilustracións de Mercè Galí. Carambuco Marabilloso libro dirixido tanto a nenas e nenos xordos coma aos oíntes. Inclúe un DVD coa interpretación do conto en Lingua de Signos Española e as voces en off.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 8 A 10 ANOS



Ada Goth y el fantasma del ratón
Chris Riddell. Edelvives Enxeño e sentido do humor para a historia de Ada que pasa de vivir de xeito apracible e tranquilo até que coñece o fantasma dun ratiño e decide investigar os raros fenómenos que ocorren no seu castelo.



Antonia Purpurina
María Espluga. Oxford A protagonista ten sete anos e vive coa súa avoa. A súa nai é actriz e pasan longas tempadas separadas. O que máis desexa é ir á escola e coñecer nenos e nenas da súa idade para xogar e facer amizades. E ese día vai chegar...



O bigote de Mimí
Manuel María. Ilustrado por Suso Cubeiro. Everest Galicia. O gato Mimí ten uns fermosos bigotes e pasa moito tempo diante do espello preparando neles. Pero a súa vaidade e os enredos do seu amigo Fiz son malos conselleiros...



Brujarella
Iban Barrenetxea. Thule Como pode a desaparición dun calcetín desatar un sen fin de aventuras? Misteriosos sucesos como este e a desaparición das ras do bosque de Terragrís, convocan a Brujarella e outros curiosos personaxes a deter este enorme desastre. Para gozar do texto e das fermosas ilustracións.




Concierto para escalera y orquesta
Antonio Orlando Rodríguez. Ilustracións de Carole Hénaff. Ekaré Divertidas ilustracións para unha estraña historia: unha parella decide ir a un concerto e descubre que as escaleiras do seu edificio desapareceron. Procuran por todos os medios posibles chegar á tempo ao concerto... Orixinal historia en curioso formato alongado.



Cuentos de Grimm
Grimm, Jacob e Wilhelm. Ilustracións de Arthur Rackham. Juventud Espléndida edición conmemorativa da orixinal de 1935. Os contos de «toda a vida» con fermosas ilustracións e unha nova presentación. Un clásico fóra das modas que nos fará gozar coa súa lectura.



Cuentos mínimos
Pep Bruno. Ilustracións de Goyo Rodríguez. Anaya Como se pode condensar a fermosura en dúas ou catro liñas? O escritor e contacontos Pep Bruno, consígueo! Son contos? Son haikus? Non importa, son excelentes, como as ilustracións que os acompañan.



Espantallo amigo
Xosé Neira Vilas. Ilustracións de Xaquín Marín. Galaxia Neira Vilas xa non está con nós pero segue viva a fermosa historia do espantallo que en vez de espantar os merlos, faise amigo dos animais e dos rapaces. Gran calidade do texto e encantadoras imaxes de Xaquín Marín.



Eva y Beba y el fantasma del baño de chicas
Annie Barrows. Bruño Eva e Beba descubriron unha pantasma no baño, é o mellor que pasou no colexio en moito tempo, ata que os profesores o saben...



Mariquiña
Mª Aurora Lestón Mayo. O fogar das palabras Mariquiña vai para cinco anos. Ten un irmán máis vello e un peto de pana vermello cun reloxo na barriga que lle gusta moito...



Os soños na gaiola
Manuel María. Ilustracións de Noemí López. Casa-Museo Manuel María Coidada edición da famosa obra de poesía para nenos/as do autor galardoado co Día das Letras Galegas deste ano. Lendo os seus fermosos poemas poderás gozar con creacións como: *Galiza*, *O sol*, *A lúa*, *O río*, *O arco da vella*...



Xoaniña, reirrei, dime con quen casarei
Ánxela Gracián. Ilustracións de Daniel Díaz. Sotelo Blanco Insectos felices que viven no prado das Herbas Asubiadoras. Estas bolboretas douradas coñecerán un día o perigo ao caeren nos enredos dos ananos áureos...



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 10 A 12 ANOS



Un cocodrilo para Laura
Beatriz Osés. Ilustracións de Miguel Ángel Díez. Edebé Ao morrer súa nai, Laura terá que ir vivir coa súa tía na cidade. Un día, visita un parque onde hai un estanque no que habita un cocodrilo moi especial...



Formig4s. Misión Barcelona
Pere Tobaruela. Ilustracións de Andrés Meixide. Xerais Os catro integrantes da brigada especial FORMIG4S teñen que ir resolver un misterio á capital catalá o día de Sant Jordi. O caso empeza no edificio modernista da Pedrera, co Doutor Paumao poñendo en marcha un plan para conseguir que ninguén volva ler un libro nunca máis.



Los Guardianes en El museo de los ladrones
Lian Tanner. Anaya Goldie Roth é unha rapaza rebelde e atrevida que debe fuxir da tiránica cidade de Alhaja. Unha figura misteriosa guiaráa cara ao máxico e oculto Museo de Coz, cheo de maravillosos secretos, pero tamén inquietante e misterioso.



La increíble historia de... los bocadoillos de Rata
David Walliams. Montena A historia de Zoe, unha nena que deberá protexer a súa mascota dun malvado vendedor de hamburguesas ambulante.




Petunia Petulante y el enorme y carísimo diamante
Sue Monroe. Ilustracións de Birgitta Sif. Maeva Young Petunia Petulante e as súas amigas correrán moitas aventuras para atopar o mapa do tesouro do tío Julián, que o atoparon uns ferozes piratas.



Quen dá a quenda?
Héctor Cajaraville. Ilustracións de Ignacio Hernández. Xerais Agochada nunha mesta fraga está a cabana na que desde hai máis dun século ten o seu consultorio a meiga Divina, quen, coa axuda dos seus libros de conxuros e as súas apócemas e beberaxes, sempre consegue un remedio para os males dos seus clientes.



As rúas do vento ceibe
Manuel María. Fundación Manuel María de Estudos Galegos Escritor homenaxeado polo Día das Letras Galegas 2016 Nos versos deste libro dinos o autor que quixo contar dunha forma sinxela o que é e o que foi Galiza, para acender a chama dunha esperanza para construír a Galiza do futuro.



Son un animal: Unha viaxe inesperada
Lluís Llorc e Salvador Macip. Ilustracións de Sergi Cámara. Xerais Armán adquirirá un superpoder e acabará na outra punta do planeta. Como fará para evitar todos os perigos e volver para a súa casa?



El tesoro de barracuda
Llanos Campos. Ilustracións de Júlia Sardá. SM A máis estraña historia de piratas que oiredes nunca, aínda que vivídes mil anos e fósedes ao último porto do Caribe.




BANDA DESEÑADA INFANTIL E XUVENIL



El enigma de la Atlántida
Edgar P. Jacobs. Norma Mortimer e Blake vivirán asombrosos descubrimentos na illa de Saõ Miguel que a tradición asocia coa mítica Atlántida.



Esther y su mundo
Purita Campos. Editores de Tebeos Coñece o mundo de Esther, de trece anos, a súa mellor amiga Rita, o seu amor platónico Juanito e a súa rival Doreen.



Robinsón Cruasán
Salva Rubio. Ilustracións de Cristina Pérez Navarro. Thule O náufrago Robinson só ten cocos para comer ata que un día o mar trae á praia... un croissant!



DVD INFANTÍS E XUVENÍS



Los Boxtrolls
Graham Annable. Universal Pictures Os Boxtrolls: horrorosos e crueis monstros que habitan baixo os sumidoiros, saen á noite para roubar os rapaces e rapazas e os queixos da cidade de Quesberg. Polo menos esta é a lenda que cren os seus habitantes. Será certo?



La canción del mar
Tomm Moore. Karma Films Unha lenda irlandesa inspira esta fermosa película: a mitoloxía dos Selkies, criaturas con aparencia de grandes focas que tiñan o don de poder desfacerse da súa pel e transformarse en humanos de extraordinaria beleza. Poética película chea de aventuras.



Home: hogar dulce hogar
Tim Johnson. DreamWorks Oh é un extraterrestre que se agocha no planeta Terra fuxindo da súa propia especie. Vai facer amizade con Tip, unha rapaza moi aventureira. Ambos van descubrirse un ao outro e saber o que significa ter un fogar.



Into the woods
Rob Marshall. Disney DVD Esta película musical presenta catro contos infantís clásicos mesturados e reelaborados de xeito libre: «Carapuquiña vermella», «As fabas máxicas», «Rapunzel» e «A Cincenta». Interpretada por un gran elenco de actrices e actores como Meryl Streep, Emily Blunt, James Corden, Anna Kendrick, Chris Pine e Johnny Depp.